

do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992. Así mesmo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 11º.1 a), 25º e 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2011.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Orde do 21 de febreiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

Advertido erro na citada orde, publicada no DOG nº 42, do 2 de marzo de 2011, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 3.467, o parágrafo terceiro do número 3 da base sexta do anexo A, onde di: «Se coa documentación xustificativa para o pagamento final da subvención concedida no exercicio 2011 quedase acreditada unha contía superior da inicialmente concedida, emitírase unha resolución de concesión polo incremento cuxo pagamento se efectuará con cargo aos créditos que financian esta orde», debe dicir: «Se coa documentación xustificativa para o pagamento final da subvención concedida no exercicio 2010 quedase acreditada unha contía superior da inicialmente concedida, emitírase unha resolución de concesión polo incremento cuxo pagamento se efectuará con cargo aos créditos que financian esta orde».

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011.

Advertidos erros na Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 6, do 11 de xaneiro, cómpre facer as seguintes correccións:

1) Na páxina 585, no primeiro parágrafo do número 1.4 do artigo 3º, onde di: «A solicitude deberá ser asinada en papel ou telematicamente polo/a titular da explotación ou polo representante acreditado/a e deberá ir acompañada da documentación que se requira en cada caso segundo se recolle no anexo 1.a)», debe dicir: «A solicitude deberá ser asinada en papel ou telematicamente polo/a titular da explotación ou polo representante acreditado/a e deberá ir acompañada da documentación que se requira en cada caso segundo se recolle no anexo 1».

2) Na páxina 585, no segundo parágrafo do número 1.4 do artigo 3º, onde di: «Para os efectos do artigo 23º.1 do Regulamento (CE) 1122/2009, considéranse contratos ou declaracións e outros documentos ou xustificantes constitutivos de admisibilidade da axuda de que se trate, segundo o previsto nos artigos 12º e 13º do citado regulamento, os especificados como tales no anexo 1», debe dicir: «Para os efectos do artigo 23º.1 do Regulamento (CE) 1122/2009, considéranse contratos ou declaracións e outros documentos ou xustificantes constitutivos de admisibilidade da axuda de que se trate, segundo o previsto nos artigos 12º e 13º do citado regulamento, os especificados como tales no anexo 1.a)».

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 8 de abril de 2011 pola que se convoca un curso sobre monitores de formación en educación viaria.

O artigo 43º da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece que o persoal do siste-